

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FOMENTO

3026 *Orde FOM/390/2010, do 8 de febreiro, de corrección de erros da Orde FOM/3619/2009, do 26 de novembro, pola que se modifica a Orde FOM/3811/2004, do 4 de novembro, pola que se adoptan os requisitos conxuntos de aviación para as licenzas da tripulación de voo relativos ás condicións para o exercicio das funcións dos pilotos dos helicópteros civís.*

Advertidos erros na Orde FOM/3619/2009, do 26 de novembro, pola que se modifica a Orde FOM/3811/2004, do 4 de novembro, pola que se adoptan os requisitos conxuntos de aviación para as licenzas da tripulación de voo relativos ás condicións para o exercicio das funcións dos pilotos dos helicópteros civís, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 7, do 8 de xaneiro de 2010, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 160, ao final do JAR-FCL 2.320 C FI (H), falta engadir: «(h) a emisión e renovación dunha habilitación agroforestal sempre e cando o instrutor sexa titular da habilitación correspondente á instrución que vaia impartir e acredite un mínimo de cincocentas horas de voo como piloto de helicópteros que inclúan duascenas horas de voo como piloto ao mando en helicóptero en actividades agroforestais, das cales un mínimo de cincuenta horas serán de voo na actividade para a cal se vaia impartir instrución».

Na páxina 162, no número 1 da letra a) do JAR-FCL 2.320 G FI (H), onde di: «...12 meses precedentes á data da habilitación FI (H). Cinco horas destas quince de instrución para IR se deben ser revalidadas as atribucións para instruír IR.», debe dicir: «...12 meses precedentes á data de expiración da habilitación FI (H). Cinco horas destas quince de instrución para IR se deben ser revalidadas as atribucións para instruír IR. Das 50 horas, non menos de 25 deben ser realizadas en actividades agroforestais, das cales non menos de quince, dentro dos doce meses precedentes á expiración da habilitación FIAF, se deben ser revalidadas as atribucións para instruír en actividades agroforestais, de acordo coa habilitación que se posúa».

Na páxina 162, tras a letra c) do número 1 JAR-FCL 2.320 G FI (H), falta engadir un parágrafo independente do seguinte teor: «No caso de renovación das atribucións da regra JAR-FCL 2.320 C FI (H), letra h), a verificación de competencia incluírá os aspectos relevantes da actividade agroforestal».

Na páxina 186, na letra b) do JAR-FCL 2.435 FE (H), onde di: «para habilitacións de tipo de helicópteros multimotores dun só piloto sempre e cando o examinador cumpra os requisitos do JAR-FCL 2.439(b) (deberíase diferenciar máis claramente que a alínea (a) é só para PPL e a (b) é para CPL e obviamente para PPL tamén», debería dicir: «e para habilitacións de tipo de helicópteros multimotores dun só piloto sempre e cando o examinador cumpra os requisitos do JAR-FCL 2.439(b)».

Na páxina 186, ao final do JAR-FCL 2.435 FE (H) falta engadir: «(c) A proba de pericia e verificación de competencia para a emisión, renovación e revalidación dunha habilitación de piloto agroforestal, sempre e cando o examinador sexa titular da habilitación correspondente ás probas e verificacións que vaia realizar e acredite un mínimo de mil horas de voo en helicóptero, das cales non menos de cincocentas horas como piloto ao mando e en operacións agroforestais que inclúan duascenas cincuenta horas de instrución, das que un mínimo de cincuenta horas serán da actividade para a cal se vaian realizar as probas e verificacións».

Na páxina 193, na letra a) do JAR-FCL 2.475, onde di: «... Banco central de preguntas (CQB) das JAA.», debe dicir: «... Banco central de preguntas da Axencia Europea de Seguridade Aérea (EASA)».

Na páxina 193, na letra b) do JAR-FCL 2.475, onde di: «... e respostas de elección múltiple, polas JAA.», debe dicir: «... e respostas de elección múltiple, pola Axencia Europea de Seguridade Aérea (EASA)».

Madrid, 8 de febreiro de 2010.—O ministro de Fomento, José Blanco López.